



DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: Establecemento de medidas de prevención necesarias fronte ao Covid-19 no uso das piscinas fluviais de Mondoñedo e a zona de baño do río Tronceda coñecida como o “pozo”

Logo de ver o *Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19* (e as súas sucesivas prórrogas, a última das cales abrangue até as 00:00 horas do día 21 de xuño de 2020) , en especial, o establecido no texto vixente do seu artigo 7 con respecto á limitación da liberdade de circulación das persoas.

O *Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo*, preveu, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril de 2020, determinaríase que quedasen sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma, segundo as decisións das Comunidades Autónomas (artigo 6) consonte criterios sanitarios e epidemiolóxicos, relativas á superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na “nova normalidade”. O Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo do 13 de xuño de 2020, como autoridade sanitaria, que a Comunidade Autónoma de Galicia, estaba en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, o Presidente da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, dispuxo formalmente, mediante o seu decreto 90/2020, do 13 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 115 Bis, desa mesma data, a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, e, polo tanto, a entrada na “nova normalidade”, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

En aplicación de todo o antedito, no Diario Oficial de Galicia nº 115, do 13 de xuño, publicouse a *resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*.

Así mesmo, no Diario Oficial de Galicia nº 126 de 27 de xuño publicouse a *Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no citado Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*. Entre



outras modificacións, revísase o número 3.30.4 do Anexo relativo a superficie de praia por cada usuario para os efectos de cálculo da capacidade máxima, fixándoa en tres metros cadrados.

Posteriormente, no Diario Oficial de Galicia nº 132 de 5 de xullo publicouse a *ORDE do 5 de xullo de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oul, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19*, en cuxo Anexo de medidas de prevención específicas, punto 3.20 literalmente sinala:

“

3.20. Uso das praias.

1. Os concellos deberán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de polo menos catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara no momento do baño.”

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 5 de xullo de 2020, de seguimento e avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, en virtude da *Orde do 10 de xullo de 2020* (D.O.G. nº 137-bis de 10 de xullo de 2020) mantivéronse as medidas de prevención contidas na Orde do 5 de xullo de 2020, con efectos desde as 00.00 horas do 11 de xullo de 2020, coa única modificación consistente no levantamento parcial das restricións da mobilidade, que se limitaron partindo de dous ámbitos diferentes: por un lado, o concello de Burela, onde se concentra a maior incidencia do abrocho, e por outro, un cinto exterior a Burela, formado polos concellos de Viveiro, Xove, Cervo, Foz, Barreiros e Ribadeo, ámbito cunhas condicións epidemiolóxicas similares, e diferentes das do resto do ámbito territorial, polo número de casos confirmados e de contactos estreitos deles. As restricións á mobilidade no resto dos concellos incluídos no ámbito territorial a que se estenden as medidas de prevención quedaron levantadas.

A evolución da situación epidemiolóxica provocou que no Diario Oficial de Galicia nº 140-bis do 15 de xullo se publicara a *ORDE do 15 de xullo de 2020 sobre medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oul, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19*, na que se mantén a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 5 de xullo de 2020, agás a relativa ás restricións á mobilidade, as cales quedan limitadas, desde as 00.00 horas do 16 de xullo de 2020, ao concello de Burela por ser o concello en que se concentra a maior incidencia do abrocho.



Visto que o artigo 25.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local recoñece ao municipio competencias en materia de «Protección da salubridade pública»; se ben, ditas competencias hai que exercelas no marco do que establece a legislación sectorial, ben básica, ben de desenvolvemento.

Visto que o artigo 80.3 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, recoñece aos Concellos competencia, entre outras, na seguinte materia :

“

(...)

d) El control sanitario de edificios y lugares de vivienda y convivencia humana, especialmente de los centros de alimentación, peluquerías, saunas y centros de higiene personal, hoteles y centros residenciales, escuelas, campamentos turísticos y áreas de actividad física, deportiva y de recreo.”

Visto os antecedentes expostos, resulta necesario que o Concello de Mondoñedo adopte no seu territorio, dentro do seu ámbito de competencias, as medidas de seguridade e protección necesarias fronte ao COVID-19 nas zonas de baño das piscinas fluviais de Mondoñedo e a zona de baño do río Tronceda coñecida como o "pozo" e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

1.- A utilización das zonas de baño das piscinas fluviais de Mondoñedo e da zona de baño do río coñecida como o "pozo" situada no río Tronceda haberán de acomodarse ás disposicións aplicables establecidas nos antecedentes en xeral e no Anexo en particular.

2.- O presente decreto entrará en vigor dende a súa emisión e manterá a súa vixencia até novo aviso, en función das directrices que emitan as autoridades sanitarias e demais competentes segundo a evolución da situación. Asemesmo haberá de axustarse, ademais, a toda a normativa que vaia ditando a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado que lles sexa aplicable e que modifique o así establecido.

3.- Comunicar este decreto aos servizos municipais afectados, publicalo na páxina web do Concello Concello e difundilo entre a poboación do municipio.

O manda e asina o Sr. Alcalde, ante mín, a secretaria. Dou fé

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



ANEXO

Punto 3.30 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade , pola que se dá publicidade Ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG nº 115, do 13 de xuño), na redacción dada pola Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020 (DOG nº 126 de 27 de xuño):

“

3.30. Uso das praias.

1. Os usuarios das praias deberán facer un uso responsable delas e das súas instalacións, tanto desde o punto de vista ambiental como sanitario, cumprindo para iso coas recomendacións, medidas e normas establecidas polas autoridades sanitarias.

2. A ocupación máxima no uso de duchas e lavapés ao aire libre, aseos, vestiarios e outros servizos públicos similares será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos, garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios, salvo no caso de conviventes.

4. Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para iso poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nelas, así como no acceso aos aparcamentos, en prol de facilitar o control da capacidade das praias. Así mesmo, os concellos deberán establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal tamén nas zonas de acceso e saída e para evitar aglomeracións nelas.

Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de aproximadamente tres metros cadrados

5. Os concellos asegurarán que se realiza unha limpeza e desinfección das instalacións e bens das praias usando para iso substancias que non resulten prexudiciais para o ambiente.

6. Recordaráselles aos usuarios, mediante cartellaría visible ou outros medios, as normas de hixiene e prevención que se deberán observar, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.



7. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de exista algún tipo de actividade de hostalaría e restauración que se realice nas praias, incluídas as que se realicen en instalacións descubertas, con concesión ou autorización de ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, a prestación do servizo de hostalería ou restauración axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

8. Os responsables de negocios de motos acuáticas, hidropedais e de calquera outro elemento deportivo ou de recreo similares deberán cumprir co disposto nas medidas de hixiene e prevención establecidas. Todos os vehículos deberán ser limpados e desinfectados antes de cada uso e, do mesmo xeito, as hamacas ou calquera outro obxecto de uso rotatorio deberán ser limpados e desinfectados cando se cambie de usuario.”

ORDE do 5 de xullo de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 (D.O.G. nº 132 de 5 de xullo) en cuxo Anexo de medidas de prevención específicas, punto 3.20 literalmente sinala:

“

3.20. Uso das praias.

1. Os concellos deberán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de polo menos catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara no momento do baño.”

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E DE SEGURIDADE:

1.- Será obrigatorio o uso de máscara salvo para o baño en persoas maiores de 6 anos salvo cando por criterio médico teñan desaconsellado o seu uso.

2.- Será obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 metros tanto na auga como na terra.



- 3.- Os grupos non poderán exceder as 10 persoas.
- 4.- Todos os obxectos deberán permanecer nun perímetro máximo de seguridade de 2 metros.
- 5.- A superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de aproximadamente de 3 metros cadrados.
- 6.- Permítese a práctica de actividades deportivas e de lecer sempre que se poidan desenvolver individualmente, sen contacto físico e gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros.
- 7.- Non se poderá facer uso dos baños nin dos merenderos.
- 8.- A Policía Local, trababjadores do concello, Protección Civil, poderán pechar a zona se o aforo non permite gardar as distancias de seguridade ou as normas establecidas.

Ante calquera síntoma compatible coa COVID-19 deberá abandonar a zona.

Fóra destas medidas lembramos que a zona carece de socorristas con que ante calquera accidente ou contratempo se chame ao 112.